


3º ESO, 3º trimestre

Guía para o traballo

Obra: *Penúltimas tendencias*

Autor: Carlos Negro

Editora: Xerais



- 1.- Que cres ti que quere dicir a dedicatoria?
- 2.- Relaciona o primeiro e o último poema.
- 3.- O primeiro poema pódese considerar unha declaración de principios; por que? Como se rebela? Como se protexe? Cal é a súa arma?
- 4.- “Barbie girl” ten unha estrutura similar ao poema “Longa noite de pedra”, de Celso Emilio Ferreiro. Búscalo en internet e compáraos. Que significado cres que ten a palabra “rosa” nun e a palabra "pedra" no outro?
- 5.- O poema “Fashion & Cool & Sexy” ten dúas partes claramente diferenciadas. Na segunda fala da actitude da rapaza fronte ao mundo “rosa”. Comenta se te identificas ti coa voz poética.
- 6.- Enumera as distintas cualificacións coas que a rapaza se define no capítulo "Barbie girl".
- 7.- En “Dieta depurativa”, que medidas toma a protagonista para desintoxicarse dese mundo “rosa”? Actúas ti con independencia ou déixaste levar?
- 8.- En relación co poema “Shopping Girls”, ante a sociedade de consumo, como te sentes ti: vítima ou participas nela? Xustifica a resposta.
- 9.- Coñeces os consultorios íntimos das revistas? Como valoras o que di a moza no último verso?
- 10.- En “Guapa y a la última”, explica o que entendas dos últimos versos de cada estrofa.

- 11.- En “A primeira vez”, que cres que intenta dicir no segundo verso?
- 12.- Explica o título de “Areas movedizas”.
- 13.- Notas se hai algunha evolución da protagonista nos poemas “Dieta depurativa” (páx. 19) e “Fóra de onda” (páx. 25)?
- 14.- En “Es unha chica chic? (Autocuestionario)”, consideras que as respostas son adecuadas ás preguntas? Xustifica as respostas. Como imaxinas ti un *chico* ou unha *chica* dez?
- 15.- No conxunto de textos “Casual look”, aparecen diferentes *looks*. Que actitude adopta a rapaza diante de cada un deles?
- 16.- Comenta o contido do poema “Princesa (contra) Disney”. Que cambia na rapaza?
- 17.- Que conclusión sacas do poema “Non teño ganas de ti”?
- 18.- Indica en que versos da serie “Non teño ganas de ti” a voz poética reivindica o dereito a ter unha relación libre, sen presións.
- 19.- Explica o significado dos seguintes versos:
- (a) [O amor sabe] *A porta sen casa.* (páx. 55)
  - (b) *Para que saibas que fráxil cada paso que damos.* (páx. 57)
  - (c) [Cortaría contigo] *Se me dis que son o aire que respiras.* (páx. 58)
  - (d) *Nunca me pintes costuras nos labios :-/* (páx. 61)
- 20.- Explica os títulos dos seguintes poemas: “Declaración de independencia” e “National Geographic”.
- 21.- Fai unha valoración do poemario indicando se reflicte o mundo adolescente no que te moves (modas, manipulación por parte da publicidade, dificultades para ser un mesmo, fascinación polo “malote”...).